



SERVIZO
GALEGO
DE SAÚDE



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA
DE SANIDADE



Co-funded by
the European Union



INTRODUCCIÓN

O Servizo Galego de Saúde xunto con Saúde Pública e a Consellería de Sanidade forman parte do proxecto europeo C4D (Care 4 Diabetes) destinado a mellorar e fomentar a saúde e calidade de vida dos pacientes con diabetes mellitus tipo 2 (DM2) disminuindo os factores de riscos da enfermidade.

O proxecto levado a cabo nos Países Baixos, ReverseDiabetes2Now (Desenvolto pola ONG Voeding Leeft), foi seleccionado como boa práctica pola Unión Europea (UE). Este proxecto pasa a chamarse Care4Diabetes, "Cuido mi diabetes" en España, sendo replicado por 12 países europeos (Bélxica, Bulgaria, Eslovaquia, Eslovenia, España, Finlandia, Grecia, Hungría, Italia, Malta, Polonia e Portugal). En España, forman parte do consorcio: Asturias (Coordinadora do proxecto), Galicia, Cantabria, Extremadura, Andalucía e Aragón.

O obxectivo de "Cuido a miña diabetes" é dotar ás persoas con diabetes tipo 2 das ferramentas e habilidades necesarias para poder realizar cambios de condutas saudables no estilo de vida baseándose en 4 piares: nutrición, actividade física, descanso e xestión das emocións. Os resultados obtidos pola boa práctica inclúen a redución total ou parcial da medicación antihiper glucémica, redución de peso e mellora da calidade de vida.

Para levar isto acabo, un grupo de profesionais de enfermería, medicina, nutricionistas, psicólogos e profesionais do exercicio físico durante un ano, formaran a 60 participantes da Comunidade de Galicia nesta boa práctica. Os primeiros 30 participantes comezan o programa en xaneiro 2024 na Área Sanitaria de A Coruña e Cee mentres que o segundo grupo ten lugar na Área Sanitaria de Vigo en outubro 2024.

O programa consta de dúas fases: seis meses de fase intensiva, onde se realizarán varias sesións do equipo multidisciplinar cos participantes para formalos nesta boa práctica. Na fase de seguimento, últimos 6 meses, haberá dous webinars. O seguimento clínico non presencial, presente o longo do ano, farase mediante a plataforma de teleasistencia do Servizo Galego de Saúde, "TELEA", a través da que enviarán á súa historia clínica electrónica, as biomedidas e cubrirán os cuestionarios de saúde sen ter que desplazarse dende o seu fogar ata o centro de saúde.

Durante todo o ano, os participantes do programa contarán cunha plataforma dixital exclusiva desenvolvida pola Axencia Galega de Coñecemento en Saúde, onde poderán acceder a contido formativo e actividades semanais, ademais de participar nun foro de debate para compartir experiencias e resolver dúbidas. O equipo multidisciplinar, en colaboración cos profesionais de atención primaria, brindará o apoio necesario para que os participantes acaden unha mellora significativa na súa calidade de vida.



SERVIZO
GALEGO
DE SAÚDE



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA
DE SANIDADE



Co-funded by
the European Union



O proxecto Coido a miña diabetes, destaca o compromiso do Servizo Galego de Saúde por mellorar a atención ás persoas con diabetes tipo 2, ofrecendo un modelo innovador e personalizado que combina a prevención e o autocuidado. A través desta iniciativa, o Servizo Galego de Saúde fortalece a súa aposta por unha atención multidisciplinar, para garantir un acompañamento constante e eficaz que permita aos pacientes mellorar de forma significativa a súa calidade de vida.

Páxina web do proxecto: <https://c4djointaction.eu>

OBXECTIVOS

- Mellorar a calidade de vida dos pacientes con diabetes tipo 2
- Disminuír o gasto sanitario

Este proxecto C4D recibiu financiación da Comisión Europea. Número de contrato: 101082427

Este proxecto recibiu financiación da Comisión Europea. Os puntos de vista e opinións expresados son unicamente os dos autores e non reflicte necesariamente os da Unión Europea ou HaDEA (European Health and Digital Executive Agency). Nin a Unión Europea nin a autoridade otorgante poden ser considerables de eles.